



Presentación da novena edición da Carreira das Letras, que sairá do Pico Sacro



A Unión Musical Ponteledesma actuará o domingo 14 na casa da cultura

## Boqueixón celebra o Día das Letras Galegas con música, deporte e relatos breves

O Concello de Boqueixón conmemorará o Día das Letras Galegas cun acto especial que terá lugar o domingo 14 de maio, ás 18:00 horas, na Casa da Cultura de Camporrapado. Nel, o alcalde Manuel Fernández Munín fará entrega dos premios do IX Certame de Relato Curto Xosé Neira Vilas, que por primeira vez se abriu á participación do público adulto.

Ademais da entrega dos premios ás persoas gañadoras nas súas respectivas categorías, o Concello de Boqueixón repartirá exemplares dos textos gañadores editados para a ocasión. O acto rematará cun concerto de música a cargo da Unión Musical de Ponteledesma.

Por outra banda, o propio mércores 17 de maio terá lugar unha nova edición da Carreira Camiño das Letras, unha proba cultural e

deportiva impulsada por Xurdir que ten por obxectivo celebrar as Letras Galegas e poñer en valor o Camiño de Santiago a través do deporte.

A IX Carreira Camiño das Letras constará de dúas probas absolutas nas que poderán participar atletas federados ou sen federar: unha de 15 km, que partirá ás 10,00 horas do Pico Sacro e percorrerá a Ruta da Prata ata a Cidade da Cultura; e outra de 5 km, que comezará ás 10,05 horas no Gaiás e seguirá un circuíto polo Bosque de Galicia.

As persoas interesadas poderán inscribirse na web [www.carreiras-galegas.com](http://www.carreiras-galegas.com) ata o domingo 14 de maio ás 23:50 horas. Despois, poderán recoller os seus dorsais na sede de Bonaval Car o martes 16 de 9,00 a 14,00 horas e de 16,00 a 20,00 horas.

IX CERTAME DE  
RELATO CURTO  
XOSÉ NEIRA VILAS

Concello de Boqueixón

### CALENDARIO DO PUNTO LIMPO MÓBIL

De	Ata	Parroquia	Lugar
01 mai	14 mai	Oural-Pousada-Sucira	Casa da Cultura
15 mai	21 mai	Ledesma	Campo da festa
22 mai	28 mai	A Granxa	Campo da festa

### Encontro de Maiores no Forte o 6 de maio

O polideportivo do Forte acollerá a edición número trinta do Encontro de Maiores o sábado 6 de maio. As persoas interesadas en participar deberán recoller a súa entrada no Concello antes do 4 de maio. O prezo é de 10 € (pensionistas e persoas de 60 ou máis anos) e de 25 € (persoas de menos de 60 anos). O Concello ofrecerá servizo de traslado en autobús a aquelas persoas que o soliciten (consultar horarios no momento da inscrición).

### Xestión da biomasa, antes do 31 de maio

O Concello lembra que, de acordo coa normativa forestal para previr lumes, as persoas propietarias deberán xestionar a biomasa nas franxas secundarias antes do 31 de maio, realizando rozas ou cortas nas zonas próximas a núcleos de poboación.

### Listas de admisión na EIM Raiña Lupa

O Concello de Boqueixón publica a listaxe definitiva de admitidos na EIM Raiña Lupa para o curso 2023-2024. No prazo de 15 días hábiles (a partir do 25 de abril) os pais, nais e titores/as das crianzas admitidas deben presentar a documentación no Rexistro Xeral ou na Sede Electrónica.

## Aberta a convocatoria de axudas de 400 € para fomento da natalidade

O Concello de Boqueixón vén convocar un ano máis as axudas destinadas ao fomento da natalidade no municipio durante o ano 2023. Unhas axudas de ata 400 euros que teñen unha dobre finalidade: por unha banda, axudar parcialmente ás familias cos custos derivados do nacemento, acollida ou adopción de nenos empadroados en Boqueixón; por outra, fomentar o comercio local, xa que o gasto subvencionado deberá ser realizado en empresas radicadas no noso municipio.

As axudas serán de 400 euros por cada neno/a nado/a entre o 1 de xaneiro e o 31 de decembro



de 2023, que se ampliará a 500 € no caso dunha discapacidade do 33% ou superior. As subvencións outórganse independentemente da renda familiar e os beneficiarios deben utilizala para comprar produ-

tos infantís, como alimentos e produtos de hixiene, en tendas en Boqueixón.

As solicitudes deberán presentarse, preferentemente, por vía electrónica nos modelos normalizados ([www.boqueixon.gal](http://www.boqueixon.gal)) ou presencialmente no Rexistro Xeral do Concello de Boqueixón. Hai dous prazos de presentación:

- ata o 12 de maio, para as crianzas nadas, adoptadas ou acollida entre o 1 de xaneiro e o 27 de abril.
- e 15 días naturais, contados dende o día seguinte do nacemento, adopción ou acollemento, para o resto das crianzas.

## Nova edición do programa de conciliación Verán Activo

O Concello de Boqueixón organiza unha nova edición do Verán Activo, un programa lúdico-educativo que permitirá ás familias do municipio conciliar a súa vida persoal e laboral, ao tempo que oferta unha alternativa de lecer para crianzas de entre 3 e 12 anos nas vacacións de verán.

As actividades terán lugar de luns a venres, en horario de mañá, nas instalacións municipais do Forte e do CPIP Antonio Orza Couto. O prazo de inscrición estará aberto do 1 ao 8 de xuño.

As bases do Verán Activo serán publicadas na



web municipal ([www.boqueixon.gal](http://www.boqueixon.gal)), desde onde tamén se poderá descargar o documento de solicitu-

de correspondente, que se deberá presentar ben no rexistro do Concello, ben pola sede electrónica.

# Anímate a participar este verán nos Voluntariados Xuvenil e Activo

O Concello de Boqueixón ofrece este verán dúas modalidades de voluntariado: o tradicional Servizo de Voluntariado Xuvenil, que mantén en colaboración coa Xunta de Galicia e que está dirixido a mozos e mozas de entre 16 e 30 anos; e o Voluntariado Activo, posto en marcha en 2022 pola Oficina Municipal de Información Xuvenil e que está dirixido a rapaces e rapazas nados nos anos 2007 e 2008 que queiran ir coñecendo as vantaxes e beneficios que se poden conseguir a través do voluntariado.

Prazas limitadas. Máis información e inscricións na Oficina Municipal de Información Xuvenil ou chamando ao teléfono 981 51 31 15.



## Mocidade de Boqueixón e Irlanda comparten actividades de emprendemento xuvenil

Un grupo de mozos e mozas de Boqueixón e outro de Irlanda participaron no proxecto "Destino Rural", financiado polo programa Erasmus+ Mobilidade Xuvenil e grazas ao cal puideron estar unha semana realizando actividades de emprendemento xuvenil no municipio.

A rapazada, nada entre os anos 2006 e 2007, procede do voluntariado boqueixonés e da Kerry Diocesan Youth Service. Foi recibida no Concello de Boqueixón polo seu alcalde, Manuel Fernández Munín, que os acompañou nalgunha das visitas.



## A mocidade de Boqueixón viaxará a Torremolinos do 3 ao 9 de xullo

O Concello de Boqueixón abre do 8 ao 12 de maio a preinscrición na Viaxe de Verán para a mocidade nada nos anos 2005, 2006 e 2007. O destino será Torremolinos, do 3 ao 9 de xullo.

O prezo é de 350 € e inclúe pensión completa nun albergue con piscina e a pé de praia (7 días e 6 noites), visitas a Sevilla, Málaga, Aqualand... Prazas limitadas, con preferencia para persoas empadroadas en Boqueixón. Inscricións: [www.boqueixon.gal](http://www.boqueixon.gal).



## As familias aprenden a importancia da comunicación coa rapazada

Unha vintena de familias tomaron parte da nova sesión do programa Educar en Familia, que organiza o Concello de Boqueixón en colaboración coa Dirección Xeral de Saúde Pública. Unha quenda que tivo lugar este sábado 22 de abril nas instalacións de Enoturismo María Manuela (Pousada) e na que as familias debateron sobre as claves para unha boa comunicación, asesorados polas psicólogas Adriana Rodríguez e Mónica Blanco.

## A Xanela do Maxín leva a Marte a 25 crianzas de Boqueixón

O Concello de Boqueixón conmemorou o Día do Libro co contacontos "Lúa quere viaxar a... Marte!", que reuniu a 25 nenos e nenas na biblioteca municipal. Durante unha hora, a rapazada sumouse a Lúa, protagonista do conto, que tiña como soño ser astronauta. Unha sesión dirixida pola compañía A Xanela do Maxín e que busca fomentar a igualdade de oportunidades entre homes e mulleres.





## O pavillón do Forte acollerá o 14 de maio a sexta edición do Campionato de Judo

O Concello e o Club Judo Boqueixón organizan o 14 de maio o VI Campionato de Judo, que terá lugar no pavillón do Forte. Unha edición que conta con chegar aos 250 participantes, entre clubs da Coruña, Vilagarcía, Santiago, Pontevedra... Todas as categorías, de prebenxamín a alevín, competirán nun sistema adaptado ás súas idades e recibirán medalla por participar.

# O Concello apoia que o Desfile de Carrozas de San Cidre sexa Festa de Interese Turístico de Galicia

A Comisión de Festas de Oural, en colaboración co Concello de Boqueixón, organiza o XLIX Desfile de Carrozas de San Cidre, que terá lugar o domingo 21 de maio a partir das 12:00 h. en Oural-Camporrapado. Ás 14:00 horas, Laura Añón, cantante, xurado no "Luar" da TVG e locutora en Verbena FM Radio, dará o pregón, tras o cal haberá unha degustación de petiscos e viño en cada carroza.

A Charanga BB+, Son de Gaita e o Trío Carpe Díem encargaranse de poñer a música durante a xornada. A partir das 16:00 h, Tarde de xogos infantís que darán paso, ás 18:00 h, á gran verbena co Grupo Claxxon e A Banda da Balbina.

E o sábado 20 haberá verbena co grupo JB Son e o grupo Beatriz, de Asturias.

Por outra banda, sinalar que unha comisión de mozos/as da parroquia está



traballando para conseguir que esta celebración sexa declarada Festa de Interese

Turístico de Galicia, algo no que conta co total apoio do Concello de Boqueixón.

## AXENDA DO MES DE MAIO

**Sábado 6** **XXX Encontro de Maiores**  
Polideportivo do Forte, 13:30 h.  
Inscricións ata o 4 de maio.

**Luns 8** **Viaxe da Mocidade**  
Apertura do prazo de inscrición.  
[www.boqueixon.gal](http://www.boqueixon.gal).

**Venres 12** **Viaxe da Mocidade**  
Fin do prazo de inscrición.  
[www.boqueixon.gal](http://www.boqueixon.gal).

**Venres 12** **Axudas á natalidade**  
Fin do prazo de presentación para crianzas nadas entre o 1 de xaneiro e o 27 de abril.

**Domingo 14** **VI Campionato Judo Concello de Boqueixón**  
Pavillón O Forte.  
10:00 h. Alevín/Benxamín A.  
11:30 h. Benxamín B/Prebenxamín.

**Domingo 14** **Festival das Letras**  
Casa da Cultura de Camporrapado, 18:00 h.  
Premios do IX Certame de Relato Curto Xosé Neira Vilas. Concerto da Unión Musical de Ponteledesma.

**Mércores 17** **IX Carreira Camiño das Letras**  
Pico Sacro, 10:00 h.  
Dúas probas: 15 km e 5 km. 1 €. [www.carreirasgalegas.com](http://www.carreirasgalegas.com).

**Venres 19** **Ciclo "Un Mes e Pico"**  
Pico Sacro, 10:30 h. Apertura e presentación do ciclo.

**Domingo 21** **XLVII Desfile de Carrozas de San Cidre**  
Oural-Camporrapado.  
Dende as 12:00 h.

**Venres 26** **Presentación do conto "Lupiña e o seu bosque máxico"**  
Centro de Interpretación do Pico Sacro, ás 19:00 horas.  
Contacontos. Entrega de exemplares e sinatura por parte de Raquel Sánchez.

Máis información e inscricións: Centraliña: 981 513 061 [concello@boqueixon.com](mailto:concello@boqueixon.com) CIM: 981 513 061 [cim@boqueixon.com](mailto:cim@boqueixon.com) Cultura: 981 513 115 [cultura@boqueixon.com](mailto:cultura@boqueixon.com) Dto. Local e Turismo: 981 513 061 [boqueixonturismo@gmail.com](mailto:boqueixonturismo@gmail.com)